

## **José Fenández repite como candidato do PSOE para manter a alcaldía de Navia de Suarna**

**O programa do equipo socialista pretende levar a cabo medidas que continúen a dar resposta ás necesidades e demandas dos naviegos e naviegas**

**Segundo explica o alcaldable, seguirán traballando “por e para o municipio, tal e como o viñemos facendo ata o de agora. Defenderei os intereses de todos os veciños e veciñas, intentarei dar solución a todos os problemas e garantir a transparencia e a honradez nas decisións do concello”**

**A lista coa que se presentan os socialistas de Navia está composta por 14 integrantes, dos que 5 son novas incorporacións**

**NAVIA DE SUARNA, 6 DE MAIO DE 2015.-** O actual Alcalde de Navia de Suarna -José Fernández- lidera unha vez máis a lista do PSOE coa que aspira a manter os bos resultados dos últimos comicios e conservar o goberno municipal para continuar desenvolvendo o proxecto socialista.

O programa do equipo que encabeza Fernández pretende levar a cabo medidas que continúen a dar resposta ás necesidades e demandas dos naviegos e naviegas. Segundo explica o alcaldable seguirán traballando “por e para o municipio, tal e como o viñemos facendo ata o de agora. Defenderei os intereses de todos os veciños e veciñas, intentarei dar solución a todos os problemas e garantir a transparencia e a honradez nas decisións do concello”.

O programa do PSOE de Navia de Suarna inclúe dar continuidade á mellora da rede viaria do municipio, así como do alumeadado público, da rede de sumidoiros e das traídas de auga. No eido das infraestruturas, o alcaldable anuncia tamén medidas para instar á Xunta de Galicia á construción dunha depuradora de augas residuais da Pobra e dunha traída de auga potable, “algo que xa estaba comprometido polo anterior goberno galego pero paralizado polo actual executivo”.

O medio ambiente é tamén un dos eixos do programa socialista e inclúe a ampliación dos puntos para a recollida dos plásticos agrícolas, así como a solicitude á Xunta de Galicia para a elaboración dun Plan de Actuación para a recuperación do río Navia e Afluentes. Tamén propón ampliar a información sobre a Rede Natura e a Reserva da Biosfera apoiando aquelas actuacións que benefician aos veciños e veciñas.

Por outra banda, proporcionarase a información necesaria para a tramitación das axudas necesarias para o desenvolvemento das explotacións agrogandeiras do municipio. Asemade, “fomentaremos á creación de pequenas industrias e apoiaremos e colaboraremos coas empresas e autónomos xa existentes en Navia”, explica Fernández.

### **Mellora das axudas sociais**

Os servizos sociais son protagonistas tamén do proxecto socialista. Neste senso, a candidatura do PSOE aposta “pola posta en funcionamento da residencia da terceira idade con centro de día, que está pendente da autorización da Xunta de Galicia. Ademais, continuaremos coa mellora do servizo de axuda a domicilio e da información para a tramitación de axudas sociais para maiores e persoas con discapacidade”.

### **5 novos integrantes**

A lista coa que se presentan os socialistas de Navia está composta por 14 integrantes, dos que 5 son novas incorporacións:



## NOTA DE PRENSA

1. José Fernández Fernández
2. José Manuel Álvarez Cruz
3. Manuel Gómez López
4. Faustino Fernández Carballo
5. Eva Fernández Lorigo
6. María Elba Igón Álvarez
7. Mónica Pin Blanco
8. Eladio González Romero
9. José Díaz Díaz

Suplentes:

1. Juan Carlos González Galán
2. Manuel López Méndez
3. José Pasaro González
4. José Fernández Álvarez
5. Enrique López Fernández